



Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo
Avda. da Mariña 25, CP 15160 Sada - A Coruña (+34) 881 965 481
www.sada.gal - turismo@sada.gal



Bases do V Certame “Outono de Tapas”

A Concellería de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada xunto coa agrupación “Eres de Tapas si...” organiza o V Certame “Outono de Tapas”, co obxectivo de promover e potenciar o sector hostaleiro, a restauración e o turismo no municipio.

O V Certame “Outono de Tapas”, celebrarase do 10 ao 12 de novembro de 2017

1.ª Ámbito de participación

O certame, correspondente a 2017, circunscríbese aos límites administrativos do municipio de Sada, polo que poderá participar nel calquera establecemento dedicado á hostalería e restauración do concello de Sada.

2.ª Obxecto de participación

Cada establecemento participante poderá presentar a concurso un máximo dunha (1) tapa, que deberá contar entre os seus ingredientes básicos con produtos típicos da comarca e de tempada.

Por mor da modalidade do concurso, as tapas presentadas a concurso serán gratuítas, con consumición previa no local, ao seu prezo correspondente, segundo a carta de cada establecemento.

3.ª Inscripción

A inscrición no concurso terá como data límite o 6 de novembro e será gratuíta. Deberase realizar por escrito utilizando o modelo oficial, dispoñible na páxina web municipal www.sada.gal, ou na Oficina de Turismo, na Avd. das Mariñas, s/n, ou no edificio administrativo do Concello de Sada, na entreplanta ou na terceira planta, Avd. das Mariñas, 25.

Este ano, como novidade, calquera cliente dos establecementos non inscritos poderá propoñer a participación destes no certame subindo as fotos das tapas que ofrezan. Neste caso so optarán ao premio do grupo de facebook “Eres de Tapas si...”.

4.ª Difusión e material de participación

Unha vez que se peche o prazo de inscrición, o Concello de Sada difundirá e promocionará todo o relativo ao concurso, tanto os locais participantes así como as propias tapas, a través das redes sociais e outros medios de difusión.





Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo

Avda. da Mariña 25, CP 15160 Sada - A Coruña (+34) 881 965 481
www.sada.gal - turismo@sada.gal



5.ª Modo e período de participación

A tapa que se presente ao concurso deberá estar anunciada e exposta de forma destacada no establecemento, así como en número suficiente e razoable de unidades ou porcións, do 10 ao 12 de novembro, ambos incluídos, no horario de servizo proposto polos propios locais na ficha de inscrición.

O Concello distribuirá entre os establecementos unha urna para a votación e unha cantidade suficiente de boletos que, a disposición gratuita da clientela, servirán para determinar a tapa gañadora do concurso.

Os establecementos concursantes deberán ter exposto nun lugar visible o cartel anunciador do concurso facilitado polo Concello de Sada así como a urna de votación e os boletos.

6.ª Modalidades de votación

a) Votación do público

Toda a vez que un cliente ou clienta deguste unha tapa presentada a concurso, o establecemento participante deberá entregarlle un boleto de votación para que o cubra, incluíndo os datos de contacto e DNI, e así sexa válida a participación.

O boleto deberase introducir na urna correspondente en calquera dos establecementos durante o período de duración do concurso. No caso de non aparecer o selo do local, a dita papeleta considerarase nula.

b) Votación do xurado

O Concello de Sada, a través da Concellería de Promoción Económica e Turismo, e o grupo “Eres de Tapas si...”, proporá un xurado integrado por membros do sector, que deberán puntuar cada unha das tapas presentadas a concurso entre 1 e 3 puntos, atendendo a: coidado e presentación, sabor, dificultade de elaboración, ingredientes propios da comarca utilizados, valor nutricional e valoración global, destacando sempre o ingrediente da tempada de outono.

c) Votación nas redes (Facebook)

O grupo de facebook “Eres de Tapas si...”, outorgará un premio especial ao local con máis mencións nas redes.

Para votar, o cliente deberá facer unha foto dunha (1) tapa nos locais que considere oportuno, e compartila no grupo “Eres de Tapas si...”. Este xesto será valorado con 3 puntos e cada gústame que reciba a foto valorarase cun (1) punto.





Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo
Avda. da Mariña 25, CP 15160 Sada - A Coruña (+34) 881 965 481
www.sada.gal - turismo@sada.gal



7.º Recollida de votos

O Concello de Sada, a través do persoal designado para tal fin, recollerá os boletos de votación non utilizados e precintarán e recollerán as urnas de votación dos establecementos participantes entre os días 13 e 17 de novembro.

8.º Resolución

a) O persoal designado polo Concello de Sada para tal fin será o encargado de:

- Recountar os votos totais emitidos en cada urna.
- Recoller a decisión do xurado.

b) O grupo “Eres de Tapas si...” emitirá o fallo relativo ao seu galardón, baseado nos votos emitidos no seu grupo de facebook.

Aquel establecemento que obteña a puntuación máis alta será o gañador absoluto do concurso en cada unha das modalidades.

Os locais participantes poderán estar presentes durante o proceso de recuento oficial de votos se así o solicitan previamente.

O V Certame “Outono de Tapas” decidírase antes do día 20 de novembro de 2017.

Todas as resolucións do concurso tras a votación en urna serán inapelables e non poden quedar desertos.

9.º Premios

Establécense os seguintes premios:

=> Para os locais:

- Premio do Público, para a tapa gañadora segundo a puntuación total obtida unha vez que se reconten os votos válidos emitidos pola clientela. Recibirá un trofeo e un diploma honorífico; ademais, a súa tapa aparecerá na portada do Facebook de Turismo de Sada durante 7 días.
- Premio do Xurado, para a tapa gañadora votada polo xurado definido na base 6.º.b). Recibirá un trofeo e un diploma honorífico; ademais, a súa tapa aparecerá na portada do Facebook de Turismo de Sada durante 7 días.
- Premio do grupo “Eres de Tapas si...”, para a tapa gañadora no recuento da páxina de facebook da agrupación.





Turismo de Sada

Concellería de Promoción Económica e Turismo

Avda. da Mariña 25, CP 15160 Sada - A Coruña (+34) 881 965 481
www.sada.gal - turismo@sada.gal



=> Para a clientela:

- Que votou fisicamente nos locais: Sorteio dun vale por valor de 100 €, que se trocará por unha comida/cea a escoller pola persoa premiada nun dos locais gañadores de calquera modalidade do concurso.
- Que participou no concurso de facebook: Sorteio dun vale por valor de 50 € entre os votantes da páxina “Eres de Tapas si...”, que se trocará por consumicións no local gañador do concurso de facebook.

O día 24 de novembro ás 18:00 h farase a entrega de premios tanto dos locais como dos premios aos que opta o público na Capela de San Roque.

No caso de que o premio non sexa reclamado e retirado na data sinalada ou que o boleto gañador non cumpra cos requisitos mencionados anteriormente, o premio quedará sen efecto. Así, calquera cambio de enderezo, correo electrónico ou teléfono por parte do gañador será responsabilidade deste.


Por indicación expresa do xurado, poderán outorgarse mencións especiais ou accésits.

10.ª Aceptación das bases

A participación no V Certame “Outono de Tapas” implica a aceptación destas bases, así como a súa resolución.

Sada, 25 de outubro de 2017

O concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente


Xosé Lois Suárez Becerra

